



CONCELLO DE MONDOÑEDO
Praza do Concello, 1 CP. 27740
Tlfno. 982524003 – Fax; 982507421
concellomondonedo@gmail.com

BANDO

**DON MANUEL ÁNGEL OTERO LEGIDE, ALCALDE
DO EXCMO CONCELLO DE MONDOÑEDO**

FAI SABER:

Que: En relación coas fogueiras de San Xoán de realización tradicional no noso Concello, este ano e á vista da situación especial derivada da epidemia do COVID-19, **non se autorizarán fogueiras nas que se conte cunha asistencia masiva de persoas; prohibindo así a celebración da tradicional fogueira de San Xoán en espazos públicos.**

Polo que respecta ás fogueiras de ámbito familiar, será necesario pedir autorización previa no Concello ata o venres, día 18 de xuño. Será de obrigado cumprimento e teranse en conta as seguintes indicacións:

- Os titulares da finca en que se realicen serán responsables dos danos que poidan ocasionar con motivo da mesma.
- Deberán deixar recollidos os restos unha vez rematada a queima.
- As fogueiras realizaranse en parcelas privadas (sen acceso ao público en xeral) polo que non poderán facerse en vías públicas pavimentadas, nin en zonas verdes ou xardíns, lugares próximos á liña eléctrica, inmobles e naqueles onde poida crearse situación de perigo.
- As fogueiras terán que gardar unha separación mínima de 12 metros lineas coa vexetación, coas casas e cós edificios máis cercanos.
- A súa altura máxima será de 14 metros e o diámetro da zona de combustión non superará os 6 metros de ancho.
- Para a combustión só poderá empregarse leña, ramas, troncos de árbores ou calquera material de madeira. Estará prohibido o uso de materiais inflamables como rodas e cubertas de goma, plástico ou calquera derivado de hidrocarburos, así como materiais ou produtos contaminantes, explosivos, fedorentos ou tóxicos.
- Deberase deixar apagado o foco antes de marcharse; en caso de vento non se poderá levar a cabo o prendido da mesma.
- Condicionar a eficacia da autorización ao cumprimento dos seguintes requisitos:
 1. Adoptar as correspondentes medidas de seguridade
 2. Manteranse as normas aprobadas polas autoridades en canto ao aforo e medidas sanitarias en relación coa situación actual de pandemia provocada polo COVID-19

O que se fai público para xeral coñecemento e correspondentes efectos.

Agardando a súa colaboración,

Mondoñedo, na data de sinatura

O Alcalde;

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

